

# CUMIEIRA

## *Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*

Departamento de Filoloxía Galega e Latina

Vol. 9 - 2024



Xosé A. Fernández Salgado (ed.)



# CUMIEIRA

*Cadernos de investigación  
da nova Filoloxía Galega*

**Vol. 9 – 2024**

**Xosé A. Fernández Salgado (ed.)**

**Departamento de Filoloxía Galega e Latina**

**UNIVERSIDADE DE VIGO**

# LIMIAR

---

## Introduction

*CUMIEIRA. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega* é un proxecto do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que dende 2016 publica traballos académicos de investigadores noveis do ámbito da Filoloxía Galega, entendida esta nun senso amplo.

Neste novo Vol. 9 de *CUMIEIRA* (2024) recóllense catro investigacións. A publicación iníciase co traballo de Fabio Rivas que analiza, dende distintas variables sociais, o léxico dispoñible do campo da sanidade en alumnado da UVIGO no tempo que seguiu á pandemia da COVID. Séguese o estudo de Miguel Rancaño Míguez, sobre as actitudes e opinións lingüísticas de estudantes redondeláns a partir de aspectos como a transmisión, os prexuízos e os cambios de código. A seguir vén o traballo de Manuel Gago Costas, quen, aproveitando o cincuentenario do 25 de abril, revisita, nun marco feminista, a obra das coñecidas como «As Três Marias»: *Novas Cartas Portuguesas*, unha das máis emblemáticas da literatura portuguesa. Finalmente, Helena Domínguez García aborda o estado da cuestión da crítica literaria feminista en Galicia a través da revisión de bibliografía e artigos de prensa. O volume péchase co comentario de Alejandro Solla sobre a novela de corte histórico titulada, *Ao sur da liberdade*, da que é autor Xosé- Henrique Costas.

Neste Vol. 9 de *CUMIEIRA* (2024) fixeron parte da Comisión de revisión científica, Bieito Arias Freixedo, Manuel Forcadela, Alexandre Rodríguez Guerra, Xosé Soto Andión e Xosé A. Fernández Salgado, profesores todos da Universidade de Vigo.

Dende o número inicial, *CUMIEIRA* tira unha edición en papel, que se envía ás principais bibliotecas galegas (UVigo, USC, UdC, ILG, Fundación Penzol, RAG, Consello da Cultura Galega, CIRP, EMAO, Museo de Pontevedra etc.) e máis ás das facultades de filoloxía das Universidades do Minho, Complutense, de Barcelona, de Salamanca, de Oviedo e de León. Ademais, estes volumes poden descargarse gratuitamente en PDF no enlace <<http://webh03.webs.uvigo.es/cumieira-cadernos-de-investigacion-da-nova-filoloxia-galega-2/>>.

XOSÉ A. FERNÁNDEZ SALGADO  
xsalgado@uvigo.gal - Editor de *CUMIEIRA*  
Universidade de Vigo



# A DISPOÑIBILIDADE LÉXICA NO ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO: O CAMPO DA SANIDADE EN TEMPOS DE PANDEMIA

*Lexical availability in University of Vigo students: the field of health in pandemic times*

**Fabio Rivas**

**Universidade de Vigo**  
fabiorivas11@gmail.com

DOI: <https://doi.org/10.35869/cumieira.v9.24.1>

**Resumo:** O obxectivo deste traballo é proporcionar unha análise do léxico dispoñible en lingua galega no alumnado da Universidade de Vigo, particularmente do campo da sanidade. Durante a pandemia causada pola covid-19, xurdiron unha serie de novas palabras infrecuentes no noso repertorio non especializado. Aquí tratamos de resolver se estas incorporacións afondaron o suficiente en nós como para se converteren en pezas léxicas inmediatas no noso imaxinario sanitario ou se seguen sendo exclusivas en conversas sobre a pandemia. A xeito de diacronía curta, durante tres das etapas da enfermidade repartimos en varias facultades da Universidade unhas enquisas coas que estudar sobre a súa variabilidade tendo en conta os datos sociolingüísticos das persoas enquisadas.

**Palabras chave:** dispoñibilidade léxica, galego, sanidade, covid-19.

**Abstract:** The aim of this paper is to provide an analysis of the lexicon available in Galician language among students at the University of Vigo, particularly in the field of health. During the pandemic caused by COVID-19, a number of new words emerged that were infrequent in our non-specialised repertoire. We attempt here to resolve whether these additions have sufficiently deepened in our minds to become immediate lexical items in our health imaginary or remain exclusive to conversations about the pandemic. As a short diachrony, during three of the stages of the disease, we distributed surveys in various faculties of the University to study their variability, taking into account the sociolinguistic data of the people surveyed.

**Keywords:** lexical availability, Galician, health, COVID-19.

## 1. Introducción<sup>1</sup>

É unha afirmación concordada polos investigadores deste campo que o estudo da dispoñibilidade léxica xorde en Francia a mediados do século XX da man de René Michéa (1953). Na procura por parte deste autor de elaborar un dicionario co léxico elemental, principalmente destinado tanto aos habitantes das antigas colonias como aos inmigrantes que decontino arribaban no país, que facilitase a adquisición do francés como segunda lingua, decatouse da ausencia, no corpus recollido mediante o factor da frecuencia en textos, de palabras imprescindibles para as conversas espontáneas sobre temas concretos ligados ó cotián. Disto, resolven Álvarez de la Granja e López Meirama:

As listaxes nutríanse de palabras gramaticais, de verbos, de adxectivos e de substantivos de carácter xeral, pero apenas contiñan palabras —basicamente substantivos— de significado máis concreto, aínda que fosen ben coñecidas e mesmo moi empregadas polos falantes. Estas palabras eran infrecuentes nos corpus porque a súa actualización estaba condicionada polo tema do discurso; eran, por tanto, palabras temáticas que non chegaban á estabilidade estatística das palabras atemáticas. (2014: 7)

A raíz desta problemática fíxose necesario concluír unha diferenciación entre o léxico elemental, é dicir, o repertorio básico de palabras atemáticas con maior frecuencia no uso dunha lingua, e o léxico dispoñible, entendendo este último, xa que logo, como o que se caracteriza porque se presenta na mente do falante de xeito inmediato e natural cando se trata de determinado tema (Álvarez de la Granja e López Meirama 2014: 8). Noutras palabras e moi correctamente, un dos investigadores con maior bagaxe neste campo de estudo, López Morales (1995: 245), acabou por definilo como o «caudal léxico utilizable nunha situación comunicativa dada».

Por tanto, para os traballos de dispoñibilidade léxica realizados nos 70 anos da disciplina, acostumamos a ver unha serie de estímulos temáticos, denominados «centros de interese», cuxa función é, precisamente, motivar e condicionar as propostas léxicas das mostras recompiladas. Os centros de interese adoitan sen comúns e oscilan, por exemplo, desde o corpo humano ata os animais, pasando polas profesións e oficios, a roupa ou os alimentos.

---

<sup>1</sup> O meu agradecemento a Alexandre Rodríguez Guerra, gratitude tan grande coma a paciencia que mostrou durante os tres anos en que este traballo colleu forma moi devagar e tan sincera coma os azos que me transmitiu en cada conversa. Unha honra traballar contigo.

En comparación con outras linguas, tal que o español, que se investigou ben nos países hispanofalantes de Sudamérica, ben nas distintas comunidades de España (mesmo o español de Galicia, véxase López Meirama 2008), ou o francés e o inglés, xa moi desenvolvidos, a lingua galega e o seu léxico dispoñible é un campo de estudo aínda con moito traballo por diante. Ata o momento, o *Léxico dispoñible do galego*, de López Meirama e Álvarez de la Granja (2014) constitúe o fito por excelencia da dispoñibilidade léxica na nosa lingua. Nesta obra, á que acudiremos posteriormente para confrontar algunhas das mostras do noso corpus, recollen os resultados do traballado con case 1500 enquisas de alumnado preuniversitarios de toda a xeografía galega.

Polo que acabamos de mencionar, podemos diferenciar neste traballo obxectivos xerais e específicos. O propósito principal é proporcionar unha nova proposta ao estudo do léxico dispoñible en lingua galega. En concreto, desvíamonos da norma xeral de traballar con alumnado de institutos e colexios e ampliamos o coñecemento ata o nivel universitario.

Ademais, máis especificamente, co material recollido non só podemos comprobar a cantidade e a calidade do compendio léxico do alumnado da Universidade de Vigo, senón que tamén temos a posibilidade de observar a súa variabilidade deténdonos en cuestións sociolingüísticas entre as que destacamos os distintos ámbitos de cada grao e as respectivas especialidades, así como os lugares de residencia e nacemento dos individuos.

Nós, por unha banda compartimos a metodoloxía de base de traballos previos, aínda que a intentamos transcender, pero a maiores temos como obxectivo concreto enfocarnos no centro de interese da sanidade, totalmente diferente e novidoso aos realizados ata agora, que nos permitirá comprobar o impacto real do léxico da pandemia durante un tempo de incerteza vírica. Terminoloxía como *coronavirus*, *pandemia* ou *gromo*, a priori propios dunha linguaxe especializada, son hoxe en día palabras frecuentes nas conversas informais e académicas, independentemente dos eidos sociais, intelectuais e incluso da idade. Outro dos nosos obxectivos específicos é revisar se, como sospeitamos, estas palabras conforman xa unha parte do noso vocabulario espontáneo. E, por último, tendo en conta que as mostras foron recollidas en tres etapas da pandemia, queremos sacar conclusións sobre posibles cambios na tendencia destas palabras en diacronía curta.



## 2. Indicacións metodolóxicas

Resulta obvio comprender que para un traballo coherente de dispoñibilidade léxica, sobre todo tendo en conta que se vai analizar un grupo de xente moi específico, énos necesaria unha extracción de datos o máis precisa posible. Seguindo o exemplo de investigacións anteriores sobre este campo de estudo, decidímonos pola realización dunhas enquisas coas que, ademais do corpus léxico para traballarmos posteriormente, lograr información de carácter sociolingüístico das persoas entrevistadas. Esta elección foi relativamente sinxela, pois Cid Blanco (2020: 150), entre outros autores, afirma que é «un método moi experimentado no eido da dispoñibilidade léxica».

Debido a que unha parte da enquisa se debe completar nunha dirección concreta, foi necesario realizalas en persoa, rexeitando toda posibilidade de formularios en liña. Para isto, durante tres etapas distintas da pandemia causada pola covid-19, sempre, por suposto, respectando as medidas sanitarias implantadas en cada situación, concretamos encontros co alumnado de diversas facultades dos campus da Universidade de Vigo. Por mor dos grupos reducidos e a institución de aulas a través do campus remoto para garantir a saúde e evitar a propagación do virus, as xuntanzas en ningún momento se puideron dar con moito máis dunha ducia de persoas, dificultando gravemente a consecución de grandes números de mostras de cada grao. Debemos, incluso, agradecer ás persoas que aceptaron realizalas en encontros unipersoais, así como a aquelas outras que nos proporcionaron os medios para contactar con máis alumnado da súa promoción.

Finalmente, as enquisas cubertas ascenderon ata as 174, das cales tivemos que rexeitar 7 que, por achegar dúas palabras ou menos, consideramos incompletas. Das 167 enquisas restantes, traballaremos exclusivamente coas 156 realizadas por alumnado de graos non científicos xa que, ao se trataren de só 11 enquisas do ámbito científico-tecnolóxico, a marxe de erro aumenta moito.

Unha vez rematado o proceso de recollida de mostras, o seguinte paso foi trasladar os resultados obtidos a unha base de datos, tamén confeccionada por nós, que xestionamos mediante o programa Microsoft Access. Deseguido, procedemos a expoñer polo miúdo a análise individual e colectiva das propostas e, a continuación, resumir as conclusións.

## 2.1. Sobre a enquisa

Tal e como xa adiantamos, a nosa enquisa está dividida en dúas partes ben diferenciadas e en páxinas distintas. Na primeira delas solicitamos encher unha serie de datos que nos proporcionasen información sobre os propios informantes (idade, sexo<sup>2</sup>, lugar de nacemento e lugar de residencia habitual), mais obviando, ao contrario doutros traballos sobre o léxico dispoñible, calquera identificación nominal coa intención de asegurar unha anonimía absoluta. A seguir, propuxemos cinco opcións para que sinalasen a que mellor concordase coas súas situacións coa lingua, é dicir, como se identifican respecto ás linguas que falan habitualmente. E, para finalizar esta primeira parte, construímos unha táboa onde aparecen contextos diferentes (cos pais, co resto da familia, na Universidade etc.) e os correspondentes usos da lingua (só galego, máis galego, galego e castelán, máis castelán, só castelán e outros) para cada un deles.

Nun primeiro momento, antes de ter a certeza de que o noso traballo ía tratar especificamente o campo da sanidade, confeccionamos a enquisa coa intención de conseguir datos tamén sobre os centros de interese da tecnoloxía e do léxico enxebre. Para isto, os informantes dispoñían de tres minutos exactos para achegarnos o maior número de palabras en galego posibles para cada un dos campos, ordenada e simultaneamente. Como curiosidade, cabe dicir que o campo do léxico enxebre foi, cunha diferenza abismal, o máis mingado dos tres.

## 2.2. Sobre a base de datos

Dun xeito o máis claro e doado posible, a nosa base de datos recolle e ordena a información xa mencionada de cada enquisa. Os primeiros datos que trasladamos á base de datos foron: o período en que se recolleu a mostra, a titulación (grao e facultade) e o ámbito académico, información que, malia non a pedir na enquisa, nós clasificabamos ao remate da sesión, e, a seguir, a idade e o sexo. Co gallo de identificar os estudantes nativos e/ou residentes en áreas urbanas, en vilas e en aldeas, individualizamos cada caso cunha letra como símbolo diferencial ao lado do topónimo correspondente. Despois ponderamos numérica e gradualmente as respostas

---

<sup>2</sup> Na primeira data concertada para pasar as enquisas decatámonos dun erro importante: á hora de propoñer as opcións para marcaren o sexo as persoas participantes, caemos no binarismo ofrecendo soamente «Home» e «Muller». Por suposto, desde ese momento en adiante, pedimos desculpas por anticipado antes de comezar e solicitamos que cadaquén o sinalase do xeito que tivese a ben.

relativas ao uso da lingua nos contextos xa mencionados do 5 ao 1, sendo 5 o monolingüismo en galego e o 1 en castelán, e calculamos as medias de cada grupo contextual.

Na segunda parte da base de datos copiamos o léxico subministrado polas enquisas, respectando sempre o uso (por veces indiscriminado) de maiúsculas e minúsculas, os erros ortográficos e as posibles repeticións. A carón de cada palabra deixamos unha cela para indicarmos información sobre ela: o subcampo ao que pertence (oficios, disciplinas, utensilios etc.) e o tipo de erro en caso de existir. Por último, un reconto final das palabras totais e outro por cada subcampo. Ao cabo, decidimos engadir un novo grupo de celas para sinalar unha posible continuidade cognitivo-conceptual dos subcampos na posición do léxico e o seu lugar na listaxe dividíndoa en terzos. Por exemplo, se unha persoa ofrece 21 palabras e as que aparecen en cuarta, quinta, sexta e sétima posición son oficios, poremos «4» (número de repeticións) e «inicio» (xa que, dividido en terzos, como dicimos, está no primeiro deles).

### **2.3. Sobre o centro de interese**

Os centros de interese son, como xa avanzamos, os temas propostos para motivar a aparición do léxico dispoñible relacionado cun contexto dado. Segundo a tradición do estudo da dispoñibilidade léxica, son 16 os centros de interese fixados desde os primeiros lingüistas franceses. Entre estes 16 non se atopa o noso, o da sanidade, nin ningún outro que se lle asemelle pero, así e todo, como veremos despois, recollemos certas pezas léxicas que si poderíamos incluír en dous dos temas: o do corpo humano e o de profesións e oficios. Nós propuxemos, alén destes dous, outros 8 campos en que clasificar o léxico da sanidade.

1. Corpo humano: partes do corpo humano, tanto internas como externas, líquidas ou sólidas, e procesos fisiolóxicos.
2. Oficios e profesións: persoas que se dedican profesionalmente ou non á sanidade e a calquera das disciplinas.
3. Disciplinas: ciencias ou campos profesionais da sanidade.
4. Instrumentos: obxectos e materiais físicos utilizados por profesionais da sanidade ou con fins sanitarios.

5. Lugares<sup>3</sup>: localizacións onde se desenvolve calquera das actividades propias da sanidade.
6. Enfermidades e estados: doenzas concretas e situacións, físicas ou mentais, posibles nunha persoa.
7. Siglas.
8. Probas ou tratamentos<sup>4</sup>: procedementos que serven para sandar ou previr unha doenza.
9. Pandemia<sup>5</sup>: terminoloxía próxima á pandemia causada pola covid-19. Aínda que case calquera palabra podería estar aquí incluída, seleccionamos as que consideramos máis improbables de apareceren de non ser polo virus.
10. Xeral: aquelas poucas palabras que non se poden clasificar en ningún dos subcampos anteriores.

## 2.4. Sobre a lematización

Para o proceso de lematización, é dicir, o que, segundo Cid Blanco (2020: 134), consiste na «unificación das variantes fónicas, morfolóxicas, ortográficas e flexivas obtidas baixo formas normalizadas», seguimos o seu exemplo e facemos distinción entre *palabra* (toda aquela variante que nos proporcionan as persoas enquisadas) e *lema* (forma final e normalizada que recolle cadansúas variantes). Para facer a selección dos lemas normalizados remitímonos, en primeiro lugar, ao *Diccionario da Real Academia Galega* (a partir de agora, DRAG) e, no caso de non aparecer a forma que buscamos, ao *Digalego*.

Nas ocasións en que as variantes sexan empréstitos doutras linguas, como *\*botiquín*, reunímolos baixo o lema que consideramos que reflicte a mesma realidade semántica das palabras ofrecidas (neste caso, o sintagma *caixa de emerxencia*); por outra banda, se todas as variantes dun lema conteñen erros ortográficos ou de

---

<sup>3</sup> Inserimos aquí *ambulancia*, aínda que podería ter un subcampo de seu.

<sup>4</sup> *Medicina*, ademais das palabras relacionadas coa covid-19, é a única palabra que enmarcamos en dous subcampos atendendo ás acepcións do DRAG. Ten cabida tanto no subcampo das disciplinas como no de probas e tratamentos.

<sup>5</sup> As palabras deste subcampo son as únicas, agás o caso de *medicina*, que aparecen invariablemente noutro subcampo.

acentuación, escollemos, por suposto, a forma normalizada nos dicionarios xa mencionados, como acontece coa variante *\*flemón* e o lema *flegmón*.

Respecto á cuestión do número, se houber variantes en singular e plural lematizamos, independentemente á cantidade de casos, sempre en singular (o lema *agulla* contén as palabras *agulla* e *agullas*); en cambio, se a única forma que aparece é en plural, como *pulmóns*, así o mantemos para asegurarnos da máxima rigorosidade en tanto ao ofrecido polos participantes.

Entre todas as palabras recibidas, as únicas que admiten variación de xénero son aquelas que englobamos no subcampo dos oficios e profesións. Se as recibimos exclusivamente coa forma dun só xénero, ben masculino ou feminino, tomamos o criterio de lematizalas mantendo isto; se pola contra aparecen variantes en masculino, feminino ou que combinen ambas as propostas, lematizamos coas dúas separadas por guión.

No caso dos sintagmas, como pode ser *cadeira de rodas*, mantémolos como o escribiron agás algunhas excepcións. Por exemplo, temos as variantes *centro*, *centro médico* e *centro de saúde* baixo o lema *centro de saúde* xa que é o que recibimos en maior número; distinguimos, no entanto, os lemas *proba* (que unifica *proba* e *probas*) e *proba de antíxenos* xa que cremos significativa esta segunda na nosa investigación sobre o léxico da pandemia.

### 3. As persoas participantes

En total, como xa dixemos, logramos alcanzar a suma de 174 persoas entrevistadas, mais, unha vez peneiradas as enquisas que consideramos incompletas e descartadas por insuficientes as de alumnado de graos do ámbito científico, decidimos traballar con 156. Todas estas mostras finais, obtidas de persoas estudantes da Universidade de Vigo entre os anos 2020 e 2021, centráronse en alumnado de estudos superiores por dous motivos: o primeiro deles foi a presuposta facilidade para chegar a eles pola miña vinculación coa Universidade de Vigo e, o segundo, coa finalidade de transcender os ámbitos dos traballos anteriores sobre alumnado preuniversitario. Neste apartado trataremos de falar dos datos referentes ás cuestións do contexto social das persoas participantes.

Na Táboa 1 detémonos no modo en que se distribúen os 156 estudantes respecto aos campus, ás facultades e aos respectivos graos que cursaban no momento en que cubriron a enquisa. Dos tres campus da Universidade, foron o de Pontevedra e o de Vigo os que engloban a totalidade cunha porcentaxe semellante (51% no campus de

Pontevedra e o 49% restante no de Vigo) e, por proximidade, a Facultade de Filoloxía e Tradución, e en especial o grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios (actualmente en extinción), os que acumulan sumas máis elevadas, co 34% e 17% respectivamente. Ben é certo que en ningún dos casos se conseguiron as enquisas dunha soa vez, senón que foron repartidas nas diferentes etapas que xa mencionamos.

Campus	Facultade	Titulación
Pontevedra (80)	Belas Artes (10)	Belas Artes (10)
	Dirección e Xestión Pública (13)	Dirección e Xestión Pública (13)
	Ciencias da Educación e do Deporte (34)	Ciencias das Actividades Físicas e do Deporte (8)
		Educación Infantil (11)
		Educación Primaria (15)
	Ciencias de Comunicación (23)	Comunicación Audiovisual (16)
		Publicidade e Relacións Públicas (7)
Vigo (76)	Ciencias Económicas e Empresariais (13)	Administración e Dirección de Empresas (13)
	Ciencias Xurídicas e do Traballo (10)	Relacións Laborais e Recursos Humanos (10)
	Filoloxía e Tradución (53)	Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios (26)
		Tradución e Interpretación (17)
		Linguas Estranxeiras (10)

**Táboa 1.** Distribución do alumnado segundo o campus, a facultade e a titulación.


No relativo á idade, as persoas que promocionan anualmente de curso académico deberían comezar os estudos universitarios no ano en que fan os 18 e rematar arredor dos 22, malia que sempre, como sabemos, pode haber casos en que un estudante se inicie tarde (ou antes do debido, en situacións moi específicas). Dado que nós non facemos distincións por cursos, na Táboa 2 podemos comprobar como os 156 enquisados oscilan entre os 17 e os 29 anos.

Idade	17	18	19	20	21	22	23	25	26	27	28	29
Nº de persoas	2	5	19	27	49	27	16	2	3	3	2	1

**Táboa 2.** Número de persoas enquisadas por idade.


Efectivamente, como vemos, cúmprese o mencionado e hai bastante variación en canto á idade dos entrevistados, pero sempre dunha marxe relativamente homoxénea de xente nova universitaria. Iso si, non vemos ningún caso de xente con 24 anos e a partir dos 25 a cantidade de mostras mingua en grandes proporcións, sendo estes tan só o 7% do total. En troques, a idade máis repetida é a dos 21 anos que, con 49 mostras, suma case un terzo das 156 enquisas. Dito isto, a media fica nos 21,22 anos.

Outra das variables que aparecen na nosa enquisa é a cuestión do sexo, xa que pode resultar de interese comprobar a proporción cuantitativa de palabras que nos achegan segundo a opción sinalada. Absolutamente todos os participantes identificáronse como «home» ou «muller», e, como vemos na Gráfica 1, a cantidade de mulleres (54%) é un pouco superior á de homes (46%).




**Gráfica 1.** Distribución por sexo das persoas enquisadas.

Por outra parte, é relevante para a elaboración deste traballo o lugar de nacemento e de residencia habitual. Clasificamos as respostas en cidades, vilas e aldeas, pero esta última opción quedou, en proporción, moi desequilibrada (con soamente 6 casos en «lugar de nacemento» e 4 en «lugar de residencia habitual») e, polo tanto, optamos por distinguilos entre *urbe* (de cidades) e *non urbe* (de vilas e aldeas). A pesar de xuntarmos estas dúas opcións, coas Gráficas 2 e 3 comprendemos que a maioría absoluta naceron e son residentes en cidades; incluso o número destes últimos aumenta respecto aos datos de nacementos, entendemos que, entre outros motivos, por se trasladaren para cursar os seus estudos. De feito, Vigo e Pontevedra, lugares de localización dos campus, son as cidades en que máis participantes naceron (41 e 49) e onde residen a maior parte dos enquisados (55 e 69).




**Gráfica 2.** Distribución por lugar de nacemento.



**Gráfica 3.** Distribución por lugar de residencia.



Tamén queremos mostrar a vinculación coa lingua que empregan habitualmente os entrevistados. Ao non propoñermos unha opción neutra, obrigamos os participantes a decantarse favorablemente polo galego ou polo castelán, ou ben como monolingües ou ben como lingua máis empregada. Como se ve na Gráfica 4, dúas terceiras partes decláranse bilingües con máis uso do castelán (66%) e o último terzo está composto por un 19% de bilingües con máis uso do galego e o escaso 15% que forman a suma dos monolingüismos, en galego (6%) e castelán (9%).




**Gráfica 4.** Distribución pola relación coa lingua.

Por último, para finalizarmos co contexto sociolingüístico dos participantes, na enquisa elaboramos unha táboa coa intención de sinalarmos a lingua que adoitan utilizar en diferentes lugares e situacións. Os contextos son: coa familia (que agrupa *cos pais* e *co resto da familia*), na Universidade (*cos compañeiros*, *co profesorado*, *co PAS* e *outros*), cos amigos (*amizades* e *redes sociais*), noutros contextos informais (*na hostalaría* e *de compras*) e noutros contextos formais (*no hospital* e *na Administración*).

Posteriormente outorgamos valores numéricos á selección, correspondendo «só galego» ao 5, «máis galego» ao 4, «galego e castelán» ao 3, «máis castelán» ao 2 e «só castelán» ao 1. Coas puntuacións finais sacamos a media individual de cada un dos contextos e dividimos en tres grupos: os que obteñen unha media superior a 3 puntos, os que obteñen unha media inferior a 3 puntos e os que obteñen unha media de 3 puntos.

Como podemos comprobar na Gráfica 5, en todos os contextos a media inferior a 3 é a máis repetida, aproximándose, polo tanto, a un maior emprego do castelán. O deseño tamén mostra que, canto máis informal é o contexto (redes sociais, amizades, na hostalería e de compras) maior é o decrecemento do galego, e, pola contra, aínda que sempre nun nivel inferior, coa familia e en contextos formais, como a Universidade ou na Administración, o uso habitual do galego aumenta.



**Gráfica 5.** Ponderacións medias nos diferentes contextos das persoas enquisadas.

En definitiva, a partir de toda esta información recompilada traballaremos na análise cuantitativa e cualitativa das respostas dos nosos enquisados. Son múltiples as variables que podemos tomar para avaliarmos as 156 mostras, mais seleccionamos as que coidamos que resultan máis relevantes das que falar nunha investigación destas características.

#### 4. Análise das mostras obtidas

Neste apartado, o central do noso artigo, trataremos de expoñer con miudeza os resultados rexistrados nas mesmas. Falaremos da cantidade de palabras e lemas nos aspectos xerais e específicos, referíndonos por suposto aos subcampos, e seguiremos

coa calidade lingüística das mostras, sinalando aquí os erros e os empréstitos, posibles interferencias, hiperenxebrismos e a escolla do xénero dos substantivos sexuados.

#### **4.1. Disponibilidade léxica: xeneralidades**

Entre as 156 persoas enquisadas produciron un total de 1896 palabras e 518 lemas, o que quere dicir que cada participante proporciona de media 12,15 palabras e 3,32 lemas, e que, ademais, por cada 3,66 palabras xorde un lema novo. Velaquí os resultados obtidos a partir da combinación de palabras e as variables dos participantes.

##### *4.1.1. Resultados segundo a idade*


Como xa mencionamos, os maiores de 24 anos son apenas o 7% dos enquisados, e isto reflíctese, como resulta obvio, nunha escasa —pero proporcional ao seu peso— participación en tanto á cantidade de léxico sobre o total: estas 11 persoas ofreceron 121 palabras, é dicir, o 6% das 1896. Por outra parte, o 31,3% das palabras foron recibidas das persoas de 21 anos de idade, quen ademais tamén son o maior grupo de participantes (exactamente o 31,4% do total). En cambio, os de 23 anos son os que máis palabras achegan de media, con 15,1 por persoa<sup>6</sup>; os de 27 anos, con 7,7 palabras de media, os que menos.

##### *4.1.2. Resultados segundo o sexo*

Como vemos na Gráfica 6, as mulleres proporcionaron 1064 palabras, o que corresponde ao 56% do total, e os homes as 832 restantes. Do mesmo xeito que acontece no traballo de Álvarez de la Granja e López Meirama (2014: 161-162) e ao contrario que no de Cid Blanco (2020: 143), as mulleres son as máis produtivas en canto ao número de palabras de media, con 12,52 fronte as 11,72 dos homes. Résultanos importante destacar que a media de ambos os dous sexos cae bastante respecto ao traballo de Álvarez de la Granja e López Meirama.

---

<sup>6</sup> Tense en conta soamente os grupos de idade con polo menos dous participantes, xa que o único alumno de 29 anos proporcionou na listaxe 18 palabras, o que correspondería a 18 achegas de media.



**Gráfica 6.** Distribución por sexo das palabras totais.

#### 4.1.3. Resultados segundo os ámbitos de estudo

Coa finalidade de diferenciar os graos universitarios dos nosos participantes en ámbitos de estudo e así comparar a produtividade de cada un, acudimos á clasificación que propón a *CINE* (2011: 76-78) que os agrupa do seguinte xeito:

CIENCIAS DA EDUCACIÓN: incluimos o alumnado de Educación Primaria, Educación Infantil e Ciencias da actividade Física e do Deporte.

ARTES E HUMANIDADES: incluimos o alumnado de Belas Artes, Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, Tradución e Interpretación e Linguas Estranxeiras.

CIENCIAS SOCIAIS, EDUCACIÓN COMERCIAL E DEREITO: incluimos o alumnado de ADE, Dirección e Xestión Pública, Comunicación Audiovisual, Relacións Laborais e Recursos Humanos e Publicidade e Relación Públicas.

A partir desta listaxe calculamos que os estudantes de carreiras de Ciencias da Educación son os que, de media, achegan máis palabras, con 13,26 por enquisa, seguidos polos de Artes e Humanidades, con 12,11 palabras e, por último, os de Ciencias Sociais, Educación Comercial e Dereito, con 11,56 palabras. En cambio, a pesar disto, o grao que ofrece máis cantidade de palabras de media é Linguas Estranxeiras, do ámbito de Artes e Humanidades, con 14,90 palabras; o segundo posto é para os de Educación Primaria e o terceiro, con pouca diferenza, para os de Administración e Dirección de Empresas (14,40 e 14,38 palabras de media respectivamente). Pola outra banda, o alumnado de Dirección e Xestión Pública proporciona a metade de palabras de media, 7,23, seguido do de Belas Artes con 9,1. Chámanos a atención que o grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, o máis próximo a unha filloxía, se nos baseamos na memoria da titulación e nas guías docentes das materias, sexa o quinto das 12 carreiras, cunha media de 13,19 palabras.

#### 4.1.4. Resultados segundo o lugar de nacemento

Como xa anticipamos, a suma dos participantes procedentes de aldeas e de vilas (os que denominamos *non urbe*) é amplamente inferior aos que veñen das cidades (*urbe*), polo consideramos evidente que destes últimos nos cheguen tamén máis cantidade de palabras. De feito, por casualidade, a proporción de persoas de cidade (65%) é case semellante á proporción de palabras que estas mesmas dan respecto ao total (66%), pero se comprobamos a media vemos un equilibrio absoluto entre as 12,23 palabras do grupo de procedencia *urbe* e as 12,02 de *non urbe*.

Lugar de nacemento	N.º de participantes	N.º de palabras	Media de palabras
Urbe	102	1247	12,23
Non urbe	54	649	12,02

**Táboa 3.** Media de palabras segundo o lugar de nacemento.

Así e todo, cabe destacar que de non facermos o agrupamento da xente de aldea e os das vilas, os 6 participantes nados en aldeas proporcionarían de media 14,3 palabras.

#### 4.1.5. Resultados segundo o lugar de residencia habitual


Asemade aumenta o número de residentes en cidades e decrecen os habitantes de vilas e aldeas, tamén acontece o mesmo co número de palabras recibido por cada un dos grupos de residentes. Nesta ocasión, o 82% das palabras proceden do grupo *urbe* e o escaso 18% pertence aos 31 participantes do grupo *non urbe*, mais as medias son favorables cara aos de vila e aos de aldea, con 11,29 palabras contra 10,37.

Lugar de residencia	N.º de participantes	N.º de palabras	Media de palabras
Urbe	125	1546	10,37
Non urbe	31	350	11,29

**Táboa 4.** Media de palabras segundo o lugar de residencia habitual.

#### 4.1.6. Resultados segundo o emprego da lingua

Se retrocedemos á gráfica 5, lembraremos o xeito en que se distribúen os falantes que se decantan polo emprego do galego ou do castelán nos diferentes contextos. Como apreciamos, en todas as situacións achamos unha media inferior a 3, o que quere dicir que en xeral os participantes escollen a lingua castelá. Para a gráfica 7 seleccionamos tres destes contextos (*coa familia*, xa que de aí procede a cerna da nosa lingua inicial; *cos amigos*, porque inclúe as conversas de diario coas amizades e o emprego da lingua nas redes sociais; e *outros contextos formais*, debido a que aquí introducimos o contexto *no hospital*, que está intimamente ligado aos obxectivos deste traballo), coa intención de comprobar en cada un deles se recibimos unha cantidade de palabras maior das persoas máis próximas ao galego, das máis próximas ao castelán, ou das que se manteñen na neutralidade.



**Gráfica 7.** Distribución media de palabras segundo as linguas empregadas en cada contexto.

A tendencia xeral, como indica a gráfica, é que as persoas cunha media superior a 3, é dicir, máis preto do galego ca do castelán, nos tres contextos escollidos, fornecen máis palabras de media. Podemos comprobalo en calquera das tres situación, pero onde resulta máis visible é en *outros contextos formais* (que, como sabemos, engloba *no Hospital* e *na Administración*), con case 3 palabras de media máis ca os que están próximos ao castelán. A conclusión que sacamos disto é que, canto maior é o emprego do galego, máis léxico teñen a súa disposición os usuarios, polo menos no centro de interese da sanidade.

#### 4.1.7. Os lemas con maior frecuencia total

Nunha listaxe con tantas palabras coma a nosa (1896) recompiladas nos lemas correspondentes (518), parece normal que existan lemas recollidos cunha frecuencia bastante baixa. Na seguinte táboa achegamos a clasificación dos 11 lemas con maior frecuencia, sempre que xurdan máis de 20 veces, indicando o subcampo, o número de veces que aparecen e a porcentaxe sobre o total.

Lema	Subcampo/s	Repeticións totais	Porcentaxe de aparición
1. <i>vacina</i>	Pandemia/Probas e tratamentos	60	38,5%
2. <i>doutor-a</i>	Oficios e profesións	53	34,0%
3. <i>enfermeiro-a</i>	Oficios e profesións	49	31,4%
4. <i>enfermidade</i>	Enfermidades e estados	39	25,0%
5. <i>médico-a</i>	Oficios e profesións	38	24,4%
6. <i>saúde</i>	Xeral	38	24,4%
7. <i>hospital</i>	Lugares	37	23,7%
8. <i>sangue</i>	Corpo humano	34	21,8%
9. <i>agulla</i>	Instrumentos	30	19,2%
10. <i>máscara</i>	Pandemia/Instrumentos	29	18,6%
11. <i>análise</i>	Probas e tratamentos	22	14,1%

**Táboa 5.** Lemas repetidos con maior frecuencia respecto ao total.

Como vemos, *vacina* é un lema común en 60 de 156 enquisas, é dicir, en máis dun terzo do total, e está por riba de léxico a priori máis básico, como os relativos aos oficios *doutor-a*, *enfermeiro-a* e *médico-a*. Observamos tamén a gran diversidade de subcampos que hai nesta lista, aparecendo o 80% deles: todos agás *siglas* e *disciplinas*.

Como proba da nosa afirmación, comprobamos cal era a frecuencia no galego común destes 11 lemas máis rendibles e, para iso, verificamos a súa presenza en Bugarín López (2007). O resultado é o seguinte: *médico-a* é a máis documentada con 332 formas e unha porcentaxe total do 0'016078673%, pero non se atopa entre os 100 substantivos máis frecuentes (Bugarín López 2007: 1054-1056), seguida de *sangue* [278], *análise* [225], *enfermidade* [224], *hospital* [202], *saúde* [170], *agulla* [106], *doutor-a* [73], *máscara* [42], *enfermeiro-a* [23] e, por último, *vacina* con só 4 documentacións e cunha porcentaxe do 0,000193719%.

#### 4.1.8. Os lemas con maior frecuencia nas tres primeiras posicións da enquisa

Seguindo polo camiño do que acabamos de expoñer, resulta interesante saber en que lugar da enquisa se localizan estes lemas. Xa que logo, elaboramos a Táboa 6, que recolle os lemas repetidos con máis frecuencia nas primeiras posicións e son, polo tanto, as que aparecen cunha maior rapidez no repertorio léxico do centro de interese da saúde dos nosos enquisados.

Entre a Táboa 5 e a Táboa 6, como vemos, tan só hai un lema que varía: *sangue* na primeira e *cirurxián-á* na segunda. *Vacina* segue sendo o primeiro da lista, situado entre os tres primeiros ocos máis do 50% das veces totais que aparece (31 de 60), e cunha frecuencia nestes tres lugares nunha de cada cinco enquisas. Unha situación semellante acontece con *doutor-a*, *médico-a* e *saúde*, tamén cunha grande aparición. Aínda que os seguintes lemas da táboa non estean cunha porcentaxe tan alta, podemos dicir que teñen unha dispersión moi baixa e que, indubidablemente, forman o léxico dispoñible inmediato por excelencia das persoas enquisadas. O lema *médico-a* baixa tres postos ata o terceiro, o que é normal tendo en conta os datos de Bugarín (2007).



Lema	Subcampo/s	Repeticións primeiros tres espazos	Porcentaxe de aparición
1. <i>vacina</i>	Pandemia/Probas e tratamentos	31	19,9%
2. <i>doutor-a</i>	Oficios e profesións	30	19,2%
3. <i>médico-a</i>	Oficios e profesións	27	17,3%
4. <i>saúde</i>	Xeral	23	14,7%
5. <i>enfermeiro-a</i>	Oficios e profesións	21	13,5%
6. <i>hospital</i>	Lugares	14	9,0%
7. <i>enfermidade</i>	Enfermidades e estados	13	8,3%
8. <i>análise</i>	Probas e tratamentos	9	5,8%
9. <i>máscara</i>	Pandemia/Instrumentos	8	5,1%
10. <i>agulla</i>	Instrumentos	7	4,5%
11. <i>*cirurxián-á</i>	Oficios e profesións	7	4,5%

**Táboa 6.** Lemas repetidos con maior frecuencia nas tres primeiras posicións da enquisa.

## 4.2. Os subcampos

Comentamos con anterioridade que nós prescindimos dos 16 centros de interese preestablecidos no estudo da dispoñibilidade léxica e escollemos o tema da sanidade co fin de comprobar o repertorio de palabras que manexamos en medio dunha pandemia mundial. En cambio, clasificamos as 1896 palabras que recibimos en 10 subcampos, xa mencionados, que mesmo poderían ser centros de interese de seu. Neste apartado trataremos de facer un repaso aos subcampos máis rendibles, é dicir, aos que xeran máis palabras, comprobar se a continuidade dos subcampos se atinxe a algún tipo de padrón ou se xorden esporadicamente, (confrontámolo cos resultados de Bugarín 2007 para o léxico máis frecuente en galego) e, por último, rescatar o subcampo da pandemia e verificar ata que punto este léxico está presente no noso vocabulario espontáneo.

#### 4.2.1. A rendibilidade e a produción de palabras

Na Táboa 7 vemos como se distribúen as palabras nos diferentes subcampos, salvo o léxico da pandemia xa que, como acabamos de sinalar, dedicáremoslle posteriormente un punto en exclusiva.

Subcampo	Palabras totais	Enquisas en que aparecen	% sobre o total de palabras
Enfermidades e estados	394	140	20,78%
Probas e tratamentos	376	144	19,83%
Instrumentos	287	119	15,14%
Profesións e oficios	282	119	14,87%
Corpo humano	229	105	12,08%
Lugares	128	85	6,75%
Xeral	110	81	5,80%
Disciplinas	73	55	3,85%
Siglas	17	16	0,90%

**Táboa 7.** Distribución dos campos segundo a produción de palabras.

A información que nos facilita a Táboa 7 é moi variada. En primeiro lugar, temos a cantidade de palabras totais por subcampo, de onde podemos verificar que os que teñen maior rendibilidade son os de *Enfermidades e estados* e *Probas ou tratamentos*, con 394 e 376 palabras respectivamente, o que sumado corresponde a máis do 40% das mostras totais. Noutra perspectiva, os subcampos *Siglas*, *Disciplinas* e *Léxico xeral*, que xuntos non alcanzan o 10%, son os menos rendibles con moita diferenza. É interesante ver que o subcampo *Profesións e oficios*, que contén 3 das 11 palabras con maior frecuencia en total, non está entre os dous primeiros postos.

Os subcampos *Probas ou tratamentos* e *Enfermidades e estados* son tamén os dous que aparecen, canto menos cun exemplo, en máis enquisas distintas, o que significa que máis participantes dispoñen de léxico de ambos. Os máis eivados son igualmente *Siglas*, *Disciplinas* e *Léxico xeral*.

A continuación, reflexionaremos brevemente sobre os catro subcampos con maior rendibilidade.

- *Enfermidades e estados.* Neste subcampo, o máis frecuente dentro do noso corpus, encontramos principalmente substantivos que fan referencia a enfermidades físicas (*cancro, fractura...*) e enfermidades mentais (*bulimia, demencia, ludomanía...*), pero tamén adxectivos que se refiren a estados fisiolóxicos (*san, enfermo...*) e verbos que designan accións próximas ás enfermidades ou aos estados (*desfalecer, falecer...*).
- *Probas e tratamentos.* Dixemos anteriormente que neste subcampo, o segundo en canto a achegas, incluíamos todas aquelas probas e tratamentos cuxa finalidade sexa sandar ou previr unha doenza. Aquí recibimos unha cantidade moi variada de palabras, case todas substantivos. Algunhas son *operación, análise, biopsia, inxección, sutura, ecografía, radiografía, transplante* ou *colonoscopia*.
- *Instrumentos.* Practicamente a totalidade das palabras incorporadas neste subcampo son, tamén, substantivos. A causa é tan sinxela coma obvia: aquí incluimos máis ca nada obxectos físicos que teñen relación coa sanidade. Algúns exemplos: *tesoiras, catéter, luvas, agulla, bisturí* ou *padiola*.
- *Os oficios e as profesións.* Temos especial interese en tocar este subcampo porque é o que máis posibilidade nos proporciona de que aparezan variantes masculinas, femininas ou epícnos dun mesmo lema. Aquí todas as formas corresponden a substantivos que, en palabras de Cid Blanco (2020: 135), designan seres sexuados, polo que tivemos que ter en conta o xénero que dan os informantes á hora de lematizar. Na Táboa 8 mostramos todas as palabras ordenadas segundo se nos presentan soamente en masculino, en feminino, en ambos os xéneros ou se son epícnos.

Como vemos, hai casos nas catro opcións posibles. Nas tres primeiras, que son as que permiten a variación de xénero sen precisar da correspondencia dun artigo ou adxectivo, fixámonos nas escasas mostras que xorden exclusivamente en feminino en comparación co masculino. De feito, podemos decatarnos de que canto maior é a especialización, maior é a probabilidade de que as palabras veñan en masculino. E non quedamos aquí: excepto no caso de *enfermeiro-a*, do cal nos chegaron en máis ocasións a forma feminina, nos casos que temos os dous xéneros sempre son maioría os recibidos en masculino. Interpretamos por todo isto que a tendencia segue a ser neutralizar o xénero utilizando a forma masculina.

Só masculino	Só feminino	Masculino e feminino	Substantivos epícenos
<i>boticario</i>	<i>cardióloga</i>	<i>alergólogo-a</i>	<i>anestesista</i>
<i>curandeiro</i>	<i>coidadora</i>	<i>celador-a</i>	<i>auxiliar</i>
<i>endócrino</i>	<i>comadroeira</i>	<i>cirurxián-a</i>	<i>axudante</i>
<i>menciñeiro</i>		<i>doutor-a</i>	<i>dentista</i>
<i>neurólogo</i>		<i>enfermeiro-a</i>	<i>dietista</i>
<i>odontólogo</i>		<i>médico-a</i>	<i>especialista</i>
<i>oftalmólogo</i>		<i>psicólogo-a</i>	<i>foniatria</i>
<i>oncólogo</i>		<i>sanitario-a</i>	<i>hixienista</i>
<i>otorrinolaringólogo</i>		<i>traumatólogo-a</i>	<i>matasáns</i>
<i>podólogo</i>		<i>xinecólogo-a</i>	<i>nutricionista</i>
<i>urólogo</i>			<i>oculista</i>
<i>veterinario</i>			<i>pediatra</i>
			<i>practicante</i>
			<i>psiquiatra</i>

**Táboa 8.** O xénero dos lemas sexuais.

#### 4.2.2. A continuidade dos subcampos

Cando falamos da continuidade dos subcampos facemos referencia á posibilidade de que, na listaxe de léxico que proporcionan as persoas participantes, exista unha concatenación de palabras que repitan o subcampo en que as clasificamos.

Consideramos que se dá esta continuidade sempre que se encadeen tres ou máis palabras que pertencen a subcampos comúns e, para designar en que posición da enquisa xorde, dividimos a lista en terzos semellantes. Poñamos un exemplo para comprendelo con máis claridade: imaxinemos que a enquisa 22 achega un total de 18 palabras e, á hora de clasificar o léxico, reparamos en que nas posicións 11, 12, 13 e 14 aparecen *enfermeira*, *doutora*, *celadora* e *anestesista*, as catro formas encaixadas no subcampo *oficios e profesións*. Entendemos, entón, que aquí temos unha continuidade na posición central da enquisa, xa que ao dividir as 18 palabras en terzos saen grupos de nove e *enfermeira*, o primeiro formante da continuidade, está no undécimo lugar.

Dáse a casualidade de que encontramos esta continuidade polo menos unha vez en 7 dos 10 subcampos, coincidindo os tres que non aparecen cos tres con menos palabras totais: *disciplinas*, *léxico xeral* e *siglas*. Para sintetizar o reconto total das continuidades do noso traballo elaboramos a Táboa 9:

Subcampos	Cont. inicio	Cont. medio	Cont. final	Cont. total
Enfermidades e estados	6	9	7	22
Corpo humano	2	7	5	14
Instrumentos	4	7	3	14
Oficios e profesións	8	3	2	13
Probas e tratamentos	4	6	2	12
Pandemia	3	4	2	9
Lugares	1	0	2	3
<b>Total</b>	28	36	23	87

**Táboa 9.** Distribución da continuidade nos subcampos.

Como vemos, é moi frecuente que se dea a continuidade, xa que en tan só 156 enquisas aparece ata en 87 ocasións. Na posición media das listaxes (correspondentes ao segundo terzo de palabras), é, con 36 encontros, o lugar máis habitual desta continuidade, seguido polo inicio (28) e o final (23). Os subcampos con máis casos son, por orde, *Enfermidades e estados*, *Corpo humano* e *Instrumentos*; os que menos, sen contar os tres exemplos en que xa non aparecen, son *Lugares* e *Pandemia*.

### 4.3. As palabras da pandemia

A comezos de 2020 déronse en España os primeiros casos de SARS-CoV-2, a enfermidade que afecta ao aparato respiratorio e a causante de que a poboación mundial tivese que incrementar o seu vocabulario con termos coma *coronavirus*. Este é un dos motivos polo que decidimos traballar arredor do centro de interese da sanidade: comprobar o grao de implicación da pandemia no noso repertorio léxico sanitario.

Para analizarmos isto, creamos un subcampo homónimo onde clasificar o léxico cuxa aparición interpretamos que é motivada polo coronavirus. Ben é certo que podemos afirmar con certeza que unha parte da terminoloxía achegada xorde inevitablemente por esta razón e, en cambio, hai algúns outros casos en que nos atopamos con palabras comúns no argot sanitario, pero sobre as que cremos que temos motivos dabondo como para incluílas neste subcampo. Nin máis nin menos, referímonos principalmente ás palabras *xel* e *máscara*.

Se atendemos ao *DRAG*, o máis normal sería que todos describísemos o termo *xel* coa primeira acepción<sup>7</sup> e, así e todo, damos por suposto que, para aparecer en total unha ducia de veces nas enquisas, os participantes teñen que estar a se referir ao sintagma *xel hidroalcolico* (curiosamente, das 12 aparicións soamente unha engade a segunda parte do sintagma), elemento que tan afeitos estivemos a ver nas entradas de cada local no máis groso da pandemia. As máscaras, con todo, son instrumentos de protección comúns en moitas das actividades da sanidade, como nas operacións, pero temos dúas razóns de forza para introducilas aquí: a primeira é que aparece ata en 29 enquisas, sendo unha das palabras con maior frecuencia, nun tempo onde estabamos obrigados, tanto no moral coma no lexislativo, a empregalas en toda actividade fóra do noso lugar de residencia; a segunda é que destas 29 repeticións tan só en 2 está na forma castelá *maskarilla*, tan incrustada no galego, ata que a difusión da forma normativizada se fixo habitual nos medios de comunicación de Galicia durante a pandemia.

Acabamos de mencionar que, pola contra, si que hai unha cantidade de palabras das que estamos seguros que proveñen da aparición da pandemia. En maio de 2020, a RAG decide engadir ao dicionario algúns termos da pandemia, entre os que atopamos varios dos rexistrados nas nosas enquisas. Estes son *covid-19*, *coronavirus*, *sepsia* e *asintomático* como antónimo de *sintomático*. Ademais, en xullo do mesmo ano, engadiuse unha terceira acepción para *gromo*, a primeira cun contido semántico relativo á sanidade.

Completan este campo outra serie de palabras tales que *contaxio*, *inmunidade*, *seroloxía*, *patóxeno*, *antíxeno*, *confinamento* ou *corentena*. Chámanos a atención que falte, entre outras, a forma *PCR*. Por último, insistimos en que *vacina* é lema con maior frecuencia total dentro das nosas mostras. Este resultado, obviamente, é consecuencia da pandemia nunhas etapas onde a vacinación aínda era un proxecto de futuro ou ben se estaba xestando unha posible data en que nola administrar.

---

<sup>7</sup> *Xel* 1. Produto de consistencia xelatinosa, composto de auga ou aceite, que se utiliza na elaboración de produtos cosméticos, de hixiene persoal ou farmacéuticos (*DRAG*, s.v. *xel*).

Para completar isto con cuestións cuantitativas, 97 das 156 enquisas engadiron polo menos unha proposta no subcampo *pandemia*, o que corresponde a un 62,18% e das 1896 palabras, 169 agrúpanse aquí, sendo *vacina* e *máscara*, como xa dixemos, as máis repetidas.

Cómpre constatar que a meirande parte destas voces están ausentes do dicionario de Bugarín López (2007). Nel só se recollen, cunha rendibilidade moi escasa: *máscara* [44], *gromo* [22], *patóxico* [13], *contaxio* [7], *corentena* [6], *sintomático* [6], *confinamento* [4] e *vacina* [4]. Chama especialmente a atención o caso da última voz.

#### 4.4. As diferentes etapas

Anteriormente xa comentamos os problemas con que tivemos que mediar para conseguir as mostras con que investigar a dispoñibilidade léxica do alumnado da Universidade de Vigo. Por suposto, nin máis nin menos, a causa das nosas dificultades foi a derivada pola aparición do novo coronavirus covid-19. A enfermidade provocou que tivéramos que recompilar as enquisas en cantidades miúdas xa que foi imposible xuntar nunha soa data un gran número de xente. O bo disto é que ao obter os resultados en distintas etapas temporais en ano e medio, o que denominamos diacronía curta, temos a opción de comparar o achado en cada un destes momentos.

A primeira franxa de tempo (etapa 1) engloba as mostras conseguidas desde setembro ata decembro de 2020, xusto nos meses en que comezaba o terceiro e último estado de alarma en España. O 16 de decembro, día da última enquisa pasada nesta etapa, contábanse case dous millóns de persoas contaxiadas e case 50000 finados a causa do virus<sup>8</sup>. A vacina aínda estaba en proceso de fabricación e distribución: once días despois comezaría o proceso de vacinación a nivel nacional por orde de risco. Entre estes últimos meses do ano, 58 persoas completaron a nosa enquisa, proporcionando un total de 661 palabras, o que corresponde a 11,40 palabras de media. No tocante á covid-19, 35 das 58 persoas achegaron como mínimo un termo ao subcampo *pandemia*, resultando ao final en medio centenar de palabras.

Na etapa 2, correspondente aos meses de abril e maio de 2021, rematando o estado de alarma definitivo, estabamos somerxidos na segunda quenda de vacinacións onde tiñan prioridade as persoas entre 50 e 80 anos e grupos de persoal

---

<sup>8</sup> Datos oficiais extraídos da 272ª actualización da covid-19 do Ministerio de Sanidade. Dispoñible en PDF, consultado o 01/06/2023, na seguinte ligazón:  
[https://www.sanidad.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/Actualizacion\\_272\\_COVID-19.pdf](https://www.sanidad.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/Actualizacion_272_COVID-19.pdf)

sanitario<sup>9</sup>. Aquí participaron 56 persoas con 733 palabras, subindo a media por cabeza ata as 13,09 palabras. Foron 68 os termos da pandemia recibidos de 34 participantes, un menos que na etapa 1.

As enquisas da etapa 3 pertencen todas ao mes de febreiro de 2022, máis de medio ano despois das recollidas na etapa 2, ao pouco de comezar o segundo cuadrimestre do curso 2021/22. En Galicia practicamente 2 millóns e medio de persoas estaban vacinadas coa pauta completa e arredor de 1.900.000 recibiran a dose de reforzo<sup>10</sup>, e o uso xeral das máscaras seguía sendo obrigatorio. Nesta ocasión, entre 42 participantes deron 502 palabras, 11,95 de media. Respecto á covid-19, achegáronnos 51 palabras das 28 persoas que proporcionaron, canto menos, unha.

Podemos destacar que non atopamos ningunha diferenza tan significativa como para designar unha etapa como máis produtiva. O número de persoas participantes é semellante; a produción de palabras apenas varía, aumentando timidamente na etapa 2; e incluso os vocábulos máis frecuentes da pandemia son os mesmos nas tres etapas: *vacina* e *máscara*.

#### 4.5. A calidade dos resultados: os erros e os castelanismos

Interésanos moito pescudar, entre os resultados das enquisas, con que frecuencia aparecen castelanismos e outras formas incorrectas, así como clasificar a súa tipoloxía e identificar os máis repetidos. Queremos aclarar que, segundo o noso criterio, tamén consideramos erros o que o *DRAG* chama *formas menos recomendables*.

En total, entre os 156 participantes e as 1896 palabras xorden 89 erros e castelanismos. Esta cifra tradúcese en que cada persoa achega unha media de 0,12 erros e que, ademais, cada 21,30 palabras proporciónase unha forma incorrecta. Sinalamos tamén que as 89 palabras proveñen de 34 lemas.

Á hora de clasificar os tipos de castelanismos, diferenciamos dos grandes grupos: os castelanismos totais (aquelas palabras que adoptan a forma propia do castelán, como pode ser *mascarilla*) e os castelanismos parciais (aquelas que teñen as características dunha palabra en galego, mais combinada coa forma castelá). Despois

---

<sup>9</sup> Consultado en <<https://www.vacunacovid.gob.es/>>, dispoñible a 01/06/2023>.

<sup>10</sup> Consultado o 01/06/2023 na gráfica interactiva da ligazón do Ministerio de Sanidade. <<https://www.sanidad.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/pbiVacunacion.htm>>.



do reconto, os 89 erros repártense en 7 formas mal acentuadas, 10 hiperenxebrismos, 35 castelanismos totais, 34 castelanismos parciais e 3 erros ortográficos.

Os erros que máis se dan son, por orde de frecuencia: *xeringa* (10), o hiperenxebrismo *pacente* (7), *xarabe* (6), *suero* (5) e *tos* (4).

## 5. Conclusións

A modo de síntese, logo dun breve repaso ao concepto de *dispoñibilidade léxica* e unha análise descritiva dos datos obtidos, velaquí as conclusións que tiramos observando os resultados das enquisas realizadas a alumnado da Universidade de Vigo.

- 1) O método máis fiable para estudar esta disciplina é a elaboración de enquisas de resposta inmediata, xa que nos asegura rescatar os datos de primeira man e coas máximas garantías de fiabilidade no proceso.
- 2) Non resulta especialmente rechamante a media de palabras achegadas por persoa, nin por moitas nin por poucas, no centro de interese da sanidade.
- 3) Os subcampos *enfermidades e estados*, *probos e tratamentos* e *profesións e oficios* son, con diferenza, os máis rendibles de entre os dez establecidos.
- 4) Aínda que cada vez hai máis persoas que empregan as dúas formas do xénero nos substantivos sexuais, como norma xeral a xente segue neutralizando coa forma masculina. Canto máis especializado é o léxico, menor é a probabilidade de que apareza en feminino.
- 5) A pandemia estivo moi involucrada en incrementar o noso repertorio léxico do campo da sanidade, como podemos ver nas 156 enquisas en que os lemas *vacina* e *máscara* están entre as dez con maior frecuencia e xorden termos novos para a RAG como *covid-19*, *coronavirus* ou a última acepción de *gromo*.
- 6) Consideramos interesante, aínda que dalgún xeito previsible, non atopar grandes diferenzas nas mostras repartidas nas tres etapas da pandemia. O que resulta evidente é que unha palabra pasaba asiduamente en todas as cabezas: *vacina* (moi pouco frecuente no idioma antes da pandemia, cfr. Bugarín López 2007).
- 7) Malia que hai 89 erros, dos que a inmensa maioría son castelanismos totais ou parciais, no noso corpus de 1896 palabras, non podemos dicir que teñamos unha cantidade de léxico moi interferida polo castelán. A proporción numérica é dun erro por cada 21,30 palabras e, tendo en conta que a media de palabras por participante é de 12,15, son precisas case dúas enquisas para que apareza un só erro.

## Referencias bibliográficas

- Bugarín López, M.<sup>a</sup> Xesús (2007): *O galego fundamental: dicionario de frecuencias*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Cid Blanco, Patricia (2020): «A dispoñibilidade léxica en estudantes da ESO da Terra de Caldelas: o centro de interese das profesións e oficios» en *Cumieira: Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*, vol. 5 / Xosé A. Fernández Salgado (ed.), pp 119-153. Vigo: Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina.
- CINE = *Clasificación Internacional Normalizada de Educación* (2011). Canada: Instituto de Estadística de la UNESCO.
- Digalego = Xunta de Galicia (2013): *Digalego. Dicionario de galego* (en liña). Dispoñible en <https://digalego.xunta.gal/gl>
- DRAG = Real Academia Galega (2012): *Dicionario da Real Academia Galega* (en liña). Dispoñible en <https://academia.gal/dicionario>.
- López Meirama, Belén (2008): *Léxico disponible en el español de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- López Meirama, Belén / Álvarez de la Granja, María (2014): *Léxico disponible do galego*. Anexo 71 de *Verba. Anuario galego de filoloxía*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- López Morales, Humberto (1995): «Los estudios de disponibilidad léxica: pasado y presente». *Boletín de Filología*, vol. 35, 245-259. Chile: Universidad de Chile, Departamento de Lingüística.
- Micheá, René (1953): «Mots fréquents et mots disponibles. Un aspect nouveau de la statistique du langage», *Les langues modernes* 47, 338-344.

*Cumieira. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega* é unha publicación do Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo que recolle traballos académicos dos novos investigadores e investigadoras no ámbito da Filoloxía Galega.

Neste vol. 9 pódense ler traballos sobre a dispoñibilidade léxica no campo da sanidade, as actitudes lingüísticas no estudantado redondelán, unha revisión da obra *Novas Cartas Portuguesas* e un estado da cuestión da crítica literaria feminista en Galicia.

Universidade de Vigo